UN PROXECTO GLOBAL DE ORDENACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO

MARES é a aposta do Concello de Marín por ordenar o espazo de aparcadoiro público gratuíto do que dispón a nosa vila, a través de aparcadoiros disuasorios e dunha ordenanza de regulación do tempo de estacionamento en determinadas rúas comerciais.

Con esta estratexia integral, o espazo urbano será máis habitable e cómodo para todos e todas: para os peóns e os vehículos. Cada área de estacionamento ten a súa funcionalidade. Utilizala correctamente e apostar pola mobilidade a pé é una tarefa colectiva.

DESEÑANDO UN MARÍN MÁIS ORDENADO

ERA COMUNICACIÓN

MARÍN

mares
MARÍN ESTACIONAMENTO
PÚBLICO GRATUÍTO

2H

MARÍN ESTACIONAMENTO GRATUÍTO

Facer recados, acudir ao Concello, xestionar un trámite, tomar un café e apoiar a nosa economía local... Se queres facer calquera desas cousas e precisas desprazarte no coche, podes aproveitar as prazas dalgunhas das rúas máis céntricas que forman parte da **ZONA 2H**.

Que é a ZONA 2H? Aquelas prazas nas que nun horario determinado o máximo que se poderá deixar o coche aparcado é de 2 horas. É a única limitación! Non haberá que pagar nin suporá ningún outro cambio, pero así garántese a rotación nestes puntos tan céntricos e demandados da vila.

ZONAS 2H

- ***Av. de Ourense:*** *desde o paso de peóns, fronte ao parque infantil, ata a praza de España.*
- ***Av de Ourense:*** *desde o paso de peóns, fronte ao parque infantil, ata a rúa da Estrada.*
- ***Av. Exército e Mariña:*** *desde o mercado ata o monólito da Liberación.*
- ***Rúa da Ponte:*** *desde a zona de carga e descarga, situada fronte á fonte, ata o cruzamento con rúa do Sol.*
- ***Rúa de Concepción Arenal:*** *desde o cruzamento rúa de Jaime Janer ata rúa da Roda.*
- ***Rúa de Concepción Arenal:*** *tramo da beirarrúa impar, fronte á escola infantil "O Grupo", ata o cruzamento con rúa de Méndez Núñez.*
- ***Rúa de Jaime Janer:*** *desde o cruzamento con rúa de Concepción Arenal ata rúa Busto de Abaixo.*
- ***Rúa do Alcalde Ezequiel Massoni:*** *beirarrúa impar (parque Eguren), desde o cruzamento con rúa Busto de Abaixo ata o cruzamento con rúa de Concepción Arenal.*
- ***Av. de Ourense:*** *a) Desde o cruce da Rúa Carballiño ata o cruce da Rúa do Tombo. b) Desde Casa Pilán ata a tenda agrícola.*
- ***Zona próxima á Praza de Abastos:*** *Na rúa Exército e Marina, ocupando todo o estacionamento existente na súa marxe esquerda, desde a entrada principal ata a súa bifurcación coa Praza de España.*
- ***Zona do Centro de Saúde:*** *Na rúa Mestre Landín Pazos. Regularase o aparcadoiro público do INVIED que hai fronte á entrada do Centro de Saúde, así como a beirarrúa pegada ao edificio, exceptuando as prazas destinadas á ambulancia e a de persoas con mobilidade reducida.*
- ***Zona da Rúa Méndez Núñez:*** *No tramo situado entre o carga e descarga detrás do Concello ata o carga e descarga que hai detrás da Biblioteca Pública Vidal Pazos.*
- ***Zona de Jaime Janer:*** *Desde o cruzamento coa Travesía Jaime Janer até o cruce coa rúa Busto de Abaixo.*
- ***Zona Rúa da Ponte:*** *Ocuparase todo o tramo, unindo coas prazas xa existentes como Zona 2H.*

APARCADOIROS PÚBLICOS GRATUÍTOS

MARÍN APARCADOIRO PÚBLICO GRATUÍTO

Se vés traballar ou pasar o día a Marín e non precisas mover o coche en moitas horas, podes utilizar os aparcadoiros disuasorios que o Concello habilitou no casco urbano. Contamos con máis dunha decena de aparcadoiros públicos gratuítos. Consulta a localización destes aparcadoiros no parking minuto e verás que todo está máis preto do que pensas.



PARKING MINUTO

Camiñar beneficia a túa saúde e tamén ao medio ambiente, mellora as relación veciñais e conéctate coa vida social e cultural da túa cidade.

COS APARCADOIROS PÚBLICOS E GRATUÍTOS TODO ESTÁ MÁIS PRETO.

APARCADOIRO PRAZAS

PRAZA DO REGUEIRO	60 prazas
SAGRADA FAMILIA	25 prazas
CONCEPCIÓN ARENAL	100 prazas
PONTE ZAPAL	50 prazas
VIRXE DO CARME	40 prazas
QUEVEDO	50 prazas
INFERNIÑO	60 prazas
REPÚBLICA ARXENTINA 1	70 prazas
REPÚBLICA ARXENTINA 2	90 prazas
JAIME JANER	50 prazas
PAVILLÓN DA RAÑA (USO DEPORTIVO)	100 prazas
CARBALLAL	50 prazas



2H MARÍN ESTACIONAMENTO PÚBLICO GRATUÍTO

MARÍN